

1. NOVA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

Ante a renuncia ao cargo de decano presentada por don Evaristo Nogueira Pol, a Xunta de Goberno, na sesión do 15.05.2017, acordou, segundo o establecido no artigo 70 e seguintes do Estatuto colexial, a nova composición da Xunta de Goberno, que será efectiva dende o 22.05.2017 ata que tomen posesión os novos cargos electos nas eleccións que terán lugar no último trimestre deste ano.

- Decano: *D. Francisco José Rabuñal Mosquera*
- Deputado 1º: vacante
- Deputado 2º: *D. Ramón Quintela Miramontes*, que asumirá as funcións de vicedecano.
- Deputado 3º: *D. César Rúa Martínez*
- Deputada 4ª: *Dª Patricia López Arnoso*
- Deputado 5º: *D. Timoteo J. Gutiérrez Valerio*
- Tesoureiro: *D. Javier Constenla Vega*
- Bibliotecario-contador: *Dª María Jesús Vieito Mayo*
- Secretario: *D. José Carlos García Cumplido*

2. PAGAMENTO TRIMESTRAL DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DOS CONVENIOS ASINADOS COA ADMINISTRACIÓN

A Xunta de Goberno, na sesión do 15.05.2017, valorou o sistema de retribución que se vén aplicando nos servizos de asesoramento e mediación nas quendas específicas que se crearon a partir dos convenios subscritos coa Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a USC, polo cal estes servizos só se aboan unha vez finalizada a vixencia anual de cada convenio e tras a xustificación correspondente por parte do Colexio a finais de ano.

Co fin de mellorar o funcionamento na xestión destes pagamentos e tamén debido a unha situación económica favorable deste colexio, como consecuencia da xestión levada a cabo nos últimos anos, a Xunta de Goberno tomou o seguinte acordo:

1. Os letrados dados de alta nas quendas específicas de mediación penal, asesoramento en materia de desafuizamentos do IGVS, asesoramento na vía previa e conflitos veciñais do Concello de Santiago de Compostela e asesoramento ao alumnado da USC **poderán facturar os servizos realizados ante o Colexio trimestralmente**. Desta maneira, dende o Colexio aboaranse en cada trimestre as actuacións previamente xustificadas, sen necesidade de agardar ao final de ano a que se reciban as achegas dispostas nos convenios respectivos das administracións.
2. Este acordo estará vixente por períodos anuais, condicionado á renovación dos convenios correspondentes e á liquidez da tesouraría deste colexio.